

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 5 DE FEBREIRO DE 2015.**

**Presidente:**

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

**Concelleiros:**

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.

D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D<sup>a</sup>. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL GÓMEZ ESTEVEZ.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**1.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

**1.1.-** Acordouse prorrogar de mutuo acordo coa empresa contratista SYMATEC, S.L. o contrato administrativo denominado “SERVIZO DE LIMPEZA DAS ESCOLAS INFANTÍS DO CONCELLO DE LALÍN” (CSE232012). Esta prórroga terá unha duración dun (1) ano, e en consecuencia, extenderase desde o día 12 de febreiro de 2015 ata o día 11 de febreiro de 2016.

**1.2.-** Acordouse conceder autorización para a instalación dos postos solicitados no Campo da Feira Vella o vindeiro día 8 de febreiro de 2015 con motivo da celebración da XLVIIª Feira do Cocido, ás persoas incluídas na listaxe de admitidos que se inclúe na parte expositiva deste acordo e denegar autorización para a instalación dos postos solicitados ás persoas que figuran na listaxe de admitidos que se inclúe na parte expositiva deste acordo, sen prexuízo do establecido no apartado 8 das “BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS NA XLVIIª FEIRA DO COCIDO DE LALÍN”



Secretaría Xeral

relativa á adxudicación dos postos que queden desertos, aprobar as altas e liquidacións para o día 8 de febreiro de 2015 pola taxa de ocupación por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica, consonte co establecido no Proxecto de Feira para a ubicación de casetas e postos de venda na zona do aparcamento do Campo da Feira Vello de Lalín, redactado polo arquitecto técnico municipal con data de 22 de decembro de 2014 e publicar a listaxe de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios do Concello.

**1.3.-** Acordouse adxudicarlle o contrato de servizos denominado “**SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE CLASES DE BALLET PARA O CONCELLO DE LALÍN**” (CSE152014), a **SCENE BALLET, S.C.**, polo importe de 16,90€ máis a partida de 3,55 € correspondente ao o IVE, resultando un prezo total por hora de 20,45 € por ser a única oferta presentada e xa que logo a oferta economicamente máis vantaxosa e que cumpre cos requisitos establecidos no Prego de Prescricións Técnicas que rexen esta licitación, tal e como se desprende das actas da Mesa de Contratación dos días 27, 28 e 30 de xaneiro de 2015.

## **2.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS**

**2.1.-** Acordouse minorar o importe de 1.503 €, inicialmente concedidos debido á xustificación parcial da subvención concedida á Asociación Cultural “O Toxo” de Vilatuxe , resultando un importe de 1.203 €, conforme coa xustificación presentada e en cumprimento das bases reguladoras das axudas para actividades culturais.

**2.2.-** Acordouse minorar o importe de 400 € inicialmente concedidos pola Xunta de Goberno Local de 1 de agosto de 2014, en función da actuación dunha banda da categoría B, resultando un importe de 200 €, conforme coa xustificación presentada e en cumprimento das bases reguladoras das axudas para a celebración de festas parroquiais.

**2.3.-** Acordouse anular varias axudas concedidas ao abeiro das Bases reguladoras da concesión de axudas para a celebración de festas parroquiais e para a realización de actividades culturais, educativas e dirixidas á xuventude para o ano 2014 pola falta de presentación da documentación xustificativa correspondente no prazo establecido ao efecto.

**2.4.-** Acordouse anular a axuda concedida á Asociación de Mulleres en Igualdade de Vilanova, dado que non presentou a documentación relativa á xustificación da subvención que lle foi concedida por importe de 370,16 €, no prazo establecido ao efecto.



**2.5.-** Acordouse recoñecer a obriga a favor da Sociedade Pública Información e Comunicación Local, S.A., correspondente á cota anual do exercicio 2015 por importe de 3.888 €, en virtude do compromiso adquirido coa adhesión ó **CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DA PROMOCIÓN TURÍSTICA CONXUNTA DOS CONCELLOS DA ÁREA DE SANTIAGO**.

**2.6.-** Acordouse a **AMPLIACION URXENTE** no Servizo de Axuda no Fogar modalidade libre concorrencia, por causa sobrevida ao atoparse persoa beneficiaria nunha situación de emerxencia social: Situación de risco grave inminente para a súa integridade física e/ou psíquica e estado pendente de concesión de C. Residencial público.

**2.7.-**Acordouse a **BAIXA** dun usuario no Servizo de Axuda no Fogar modalidade libre concorrencia, por pasamento.

=====

